

“A poesía tenta expresar o que a linguaxe non pode”

Comeza a falar de poesía e non tarda en saír a psicanálise. Lacan preside a conversa e a natureza dos poemas explican a súa continua presenza. A ausencia do pai, a pegada na infancia, a descuberta da sexualidade, o tabú da morte e a homosexualidade constrúen *Atravesar o fantasma* (Xerais), o libro que descobre o poeta Carlos Callón.

[Carme Vidal](#) 29 de novembro de 2014

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/poesia-tenta-expresar-linguaxe-non-pode/20141128232800032807.html>

-Despois de varios libros de ensaio e investigación sorprende cun título de poesía, xénero maiormente iniciático. A que se debe darse agora a coñecer como poeta?

Estas semanas deume por pensar as razóns de que ensaio e poesía sexa o que máis escribo. A resposta que me din a min mesmo é que a través dos dous xéneros busco un saber novo e en parte unha verdade. No ensaio esa verdade preséntase como obxectiva, co semblante do investigador ou do ensaísta combatente na defensa da lingua. Mais hai outro novo saber, unha nova verdade no caso da poesía que descubro ao facer este libro, máis subxectiva, no que está o poeta e as súas cousas. Por que agora? Nas cinco partes que ten o libro hai poemarios embrionarios e que foron no seu momento proxectos de libro no meu computador mais nunca dei o paso de publicalos. Agora estou satisfeito de ter tardado. O resultado global é o que quería transmitir. Recoñézome neste libro e síntome afortunado porque desde que existe o proxecto de libro até que se publica demorou só un ano cando agora é moi difícil que iso aconteza. Non me forzo a publicar e só o fago cando estou convencido. Que ninguén se sorprenda se é o único poemario que publico na miña vida aínda que, claro está, poden vir máis.

-Dime que é o xénero no que máis escribe xunto co ensaio mais o contido do seu primeiro libro, 35 poemas en 35 anos, non falan dunha produción abundosa... que é do resto?

Algo está publicado en revistas e a outra no computador máis até que me sinta conforme non sairá e ao mellor non chega a saír nunca. E non pasa nada. Aos 18 anos quedara de segundo no Fernández del Riego de Poesía e fíxome moi feliz porque a convocatoria era dos 18 aos 30 anos. Despois a cuestión normativa tiroume para atrás á hora de tentar publicar. Agora estou feliz de non telo feito. Téñenme chamado a atención por falar do libro como peneira de poemas. Para min é unha antoloxía aínda que, ao seren inéditos para o público non o é no sentido editorial.

-No inicio introduce unha cita inexistente de Lacan. (E aquí iría unha cita de Lacan), escribe. Por que esa referencia clara ao psicanalista que para polo libro enteiro?

Tanto na introdución como nesta cita tentei relaxar a tensión posterior. Por outra parte, seríame difícil atopar unha cita única. Lacan está en todo o libro. "Atravesar o fantasma", o título, é tamén un concepto lacaniano. Mesmo poemas que escribín antes de coñecer a súa obra e pasar pola psicanálise pasan a ter outro papel grazas ao encontro co inconsciente. A día de hoxe, Lacan está de moda, mais pasado polo funil de Zizek e ten pouco a ver coas súas propostas. Calquera das frases brillantes que pronunciaba nos seminarios podería ir nesa páxina.

-Pouco tardamos en descubrir o sentido da non-cita de Lacan. Por que se expón tanto desde o primeiro poema?

Trátase do sexto libro, mais é o que máis pudor me dá presentar. Non quixen traizoarme e mesmo nos poemas homosexuais máis explícitos entendín que procurar a pantalla sería faltar a miña verdade e, en parte, tamén traizoar a xente que se pode sentir espellada. Dito isto, coincido tamén coa célebre frase de que o poeta é un finxidor. Tamén calquera que escriba, mais tamén calquera que lea. O que pode na lectura sentir máis auténtico pode ser un finximento. Acontece no meu libro, poño por caso, cun poema no que se recria un soño. Esa idea está mesmo no concepto de atravesar o fantasma, que, para Lacan, é a realidade psíquica. Recoñece dous tipos de significante, os conscientes e os inconscientes, aos que só nos achegamos ao pasar polo diván da psicanálise ou a través da linguaxe dos soños. Cantas veces non acontecen eses soños dos que non entendemos nada mais nos deixan tocados? Neste sentido distánciome dos poetas que din que queren fuxir das metáforas. Tamén iso é tan só un soño. Non hai metalinguaxe. Se utilizas a linguaxe xa entras no seu xogo. A poesía moitas veces permite tentar falar daquilo no que a lingua non chega, por iso segue existindo como xénero.

-A primeira parte, dedicada á morte de seu pai e ao seu desexo de cativo de que iso nunca tivera sucedido, semella escrita desde a pulsión, sen nada de finximento. De feito escribe nun dos versos: "Era o pequeno do Finado de Callón". A poesía serve, como a psicanálise entón, para botar fóra a dor?

Decía Lacan, e volvemos, que todos temos unha determinada idade no inconsciente que é na que nos atopamos por vez primeira co traumático. Cando falas do desexo do cativo refíreste a ese poema que di "Algún día regresará papae/ Levaranos ás dunas/ Endereitaranos as vidas". O inconsciente non entende de tempos e iso todo o mundo o sabe nas súas vidas, ideas que se repiten aínda que saibamos que non son lóxicas. Agora non vexo os poemas coa dor de cando os escribín. Neste libro hai poemas escritos cando tiña dezoito anos e sorprendeume ao ver que co tempo descubría que tiñan elementos en común, malia o paso dos anos. Detalles insignificantes que no momento non aprezei pasaron a ser cruciais na miña vida. Aquel segundo, aquel momento que parece minúsculo e dura sempre. No libro hai episodios que son verdade como a morte do pai, o encontro coa sexualidade... mais tamén é certo que non todo o que está pasou. Pode ser que non a persoa mais o que podo asegurar é que todo o libro está atravesado polo fantasma de Carlos Callón.

-"Eu era fillo dun morto/dun tabú familiar", di, mais logo habíase de enfrontar a outro tabú, a súa sexualidade, tamén presente no libro.

A morte é aínda hoxe máis tabú que daquela. Quérese protexer os rapaces da morte cando está aí e cómpre dixerila o mellor que se poida, aínda sabendo da dificultade. Vivimos nunha cultura que afasta -os tanatorios son exemplo- a idea da morte do seu imaxinario mais non por iso desaparece. O que non sae pola porta, entra pola xanela e este proceso pode ser patolóxico. Coa sexualidade, eliminei a censura. Mesmo tratei de ser menos poético para que se entenda todo, para que non haxa dúbidas e se mostre con claridade. Moitos poetas homosexuais optan -e é

tan respectábel- por ocultalo en favor, din, da poesía. Eu quixen que ficara explícito, que quede claro, que sirva de voz para esta parte da humanidade que existimos, aínda que a situación mellorou con respecto ao que se recolle nalgún dos poemas.

-A súa é, por veces de maneira acusada, unha poesía da experiencia. Nace da vida e dos sentimentos?

Para min, e acontécelle a moita xente, escribir poesía é tentar expresar o que a linguaxe non pode. Poderase facer con outros xéneros mais eu non lle vexo a ningún esas posibilidades. Esas experiencias, mesmo se tratando de poesía, pódennles ser útil á xente, por exemplo, aos que padeceron represión pola súa condición sexual.

-A idea que a maior parte da xente ten de vostede é a da súa contundente defensa da lingua na presidencia da Mesa pola Normalización que deixou neste mesmo ano. Entende que este libro pode mudar esa imaxe ou, se prefire, engadirlle novos elementos?

Digamos que complica o esquema do que é Carlos Callón que, por outra parte, agardo que se complique aínda máis nos próximos anos. Continúo a ser o Carlos Callón combativo. Unha cousa é pasarlle o testigo a un compañeiro como Marcos Maceiras que o está a facer extraordinariamente ben e outra abandonar a loita pola defensa da normalización lingüística. Continúo a ser un activista, mais o que si é certo é que unha das razóns polas que deixei a presidencia é porque tiña moitos proxectos creativos, en especial do xénero ensaístico, e quería avanzar neles.

-A morte do pai e a descuberta da sexualidade. Certamente a psicanálise deixa pegada na súa poesía...

Lacan axudoume a ordenalo, a darlle forma final, mais sobre todo a me decatar do que tiña en común todo o que ía escribindo. Para min foi unha verdadeira sorpresa descubrir como tras aqueles poemas había un libro, como cando xuntas os puntos con liñas e aparece unha figura debuxada. Concordo tamén con el naquilo de que non é que se sexa un poeta, é que se é un poema.

- Do que se trata entón é de literaturizar “o medo para afrontalo e vencelo” como di nun dos seus versos?

A poesía pode servir para afrontar o medo que todos temos. É certo. Pode ser que esta sexa a explicación de por que escribo poesía. Medo en todos os sentidos da palabra. Medo primario, ao abandono, á perda daquilo que nos sostén na vida, mais tamén a como afrontar a sexualidade, que non é fácil para ninguén.

-Ademais dese trasfondo tan presente da psicanálise, ánimoase a descubrir os seus referentes na poesía?

Na sexualidade bebo claramente das mulleres dos noventa que conseguiron romper cunha tradición literaria, o que case nunca se fai. Como nomes citaríaa Yolanda Castaño, Lupe Gómez ou Antón Lopo que me fascinan e aos que lle debo moito. Os tres abriron vías novas e foron criticados con certo moralismo aínda que cada día son máis valorados. As súas figuras gañan peso e eu estou certo de que continuarán gañando. Son atrevidos e tamén auténticos.

-Vostede é un autor que se esforza en difundir os libros. No caso de *Como defenderes os teus dereitos lingüísticos* e *Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez* pode ser que se sitúe no cumio. Acontecerá tamén co seu libro de poesía?

Terán vidas distintas. En xaneiro continuarei presentando os outros porque son libros de combate. Ogallá non fixera falta, mais a situación continúa a precisar a difusión de obras que conviden a defender a nosa lingua. A nivel persoal é moi gratificante atoparse con asembleas de formiguiñas, militantes da lingua que hai por todo o país. Trátase dun empeño activista. Neste caso, vai ter outro ritmo. O proxecto será a medio e longo prazo. Produciranse videopoemas e unha exposición de Pauloff, o autor da capa do libro, que é o meu fotógrafo de cabeceira. Despois faremos recitais, diferentes ás presentacións individuais.